

constrúes ou destrúes?

por unha sociedade igualitaria:
NON á violencia machista



25 de novembro

Día Internacional da Eliminación da Violencia Contra a Muller





1

LEMBRAMOS

A orixe do 25 de Novembro, Día Internacional da Non Violencia Contra a Muller, remítenos á historia de Patria, Minerva e María Teresa Mirabal, tres loitadoras sociais que son un símbolo indiscutíbel da valentía das mulleres

ACTIVIDADES

1.- Ler a biografía das irmás Mirabal.

2.- Cal foi a orixe da celebración do 25 de novembro? Pescudar que entidades e en que anos deciden que o 25 de novembro se celebre o Día Internacional contra a violencia para a muller.

3.- Comentar os seguintes dereitos:

O dereito de todas as mulleres a unha vida libre de violencia inclúe, entre outros:

- O dereito da muller a ser libre de toda forma de discriminación.
- O dereito da muller a ser valorada e educada libre de patróns de comportamento e prácticas sociais e culturais baseadas en conceptos de inferioridade e subordinación.



RECURSOS

http://www.learntoquestion.com/seevak/groups/2000/sites/mirabal/Spanish/capullo_fs.html

<http://www.jmarcano.com/mipais/biografia/mirabal2.html>

http://es.wikipedia.org/wiki/Hermanas_Mirabal


<http://www.derechos.org/ddhh/mujer/>

http://www.viacampesina.org/sp/index.php?option=com_content&view=article&id=914:mexico-la-central-campesina-cardenista-para-la-eliminacion-de-la-violencia-contra-la-mujer&catid=20:mujeres&Itemid=39



2

“OBSERVANDO AS NOSAS ACTITUDES”



OBXECTIVO

Potenciar o respecto mutuo e o dereito á intimidade persoal



METODOLOXÍA

- Traballo de reflexión en pequeno grupo
- Posta en común en gran grupo (toda a clase)
- Representación teatral para as conclusións



ACTIVIDADES

1. En pequenos grupos de 4-5 persoas pensade en situacións nas que sentistes incomodidade e nas que se se invadía a vosa intimidade persoal (olladas, comentarios, actitudes posesivas...)
2. Facede unha posta en común sobre todas as situacións vistas nos grupos e reflexionade sobre iso. ¿Por que pensades que vos estaban a invadir?
3. Tras ter seleccionado algunhas destas situacións tenta- de facer un guión para ser representado, dando resposta a cada situación





3

DECÁLOGO CONTRA A VIOLENCIA

Naciches, e agora que?
No crees que non paga a pena?
Ninguén pode facerche crer iso

Valora todo o que es e tes
Inventa cada día como se fose novo
Olla o mundo como algo teu
Libérate de todo o innecesario
Emprende aventuras que te fagan sentir ben
Nin se che ocorra deixar de rir
Coas demais persoas, se indulxente
Ignora todo aquilo que che impida medrar
Aprende de novo se te equivocaches en todo o anterior



ACTIVIDADE

Comentade a importancia de cada frase para loitar contra a violencia. Escolle a frase que máis importancia ten para ti e explica aos demais por que che resulta especialmente atractiva. Escolle a que che parece máis relevante para as mulleres que sofren violencia de xénero e explica as túas razóns para escollela.



Inventade, en grupos, un decálogo coa palabra **IGUALDADE**

Logo facede un mural con todos eles na aula, e explicade ao resto de compañeiras e compañeiros por que escollestes cada frase.



4

O LAPSUS



Le o seguinte texto de Berta Piñán que aparece no calendario Tempo Mulleres, Mulleres no Tempo 2011, da Organización de Mulleres de STEs.

“Lapsus”


O meu pai dicía sempre que eu nacera por un “lapsus”, o día do casamento do seu irmán, que el e a miña nai beberan un pouco e xa se sabe. Tamén, polo que se ve, foi un “lapsus” do coordinador de planta que non me incluíse nas listas para renovar os contratos e o avogado do seguro dixo que fora un “lapsus” do rapaz aquel que me turrou co coche no semáforo e deixou o meu para o des-



mantelamento. Así que cando o meu Fernando me deu aquela torta en plena cara con toda a súa manaza aberta e despois dixo con vocíña de bo aquilo de “non mo tomes en conta, bonita, só foi un “lapsus”, pois pensei que xa fora bastante. E por iso estou aquí, señora xuíza, porque non aguanto máis “lapsus”.

ACTIVIDADES

- Analiza as distintas situacións ás que fai referencia a protagonista da historia e reflexiona sobre a maneira en que cres que lle poden ter afectado.
- Busca unha palabra ou expresión que nomee con precisión cada situación descrita en cada “lapsus”.
- Imaxina outras situacións que viven moitas mulleres análogas ás que conta este relato. Fai un cartel con elas que comece por “xa foi bastante, non aguantomos máis...”





5

TRABALLANDO COA PRENSA

ACTIVIDADES

5.1.-Os seguintes dez epígrafes serviron de punto de partida para a investigación "Representación da violencia de xénero nos informativos de TVE 2006". Analiza cada un deles, valorando por que consideras que é necesario telos en conta á hora de elaborar unha noticia. Busca exemplos de noticias nos que se aprecie a relevancia de cada epígrafe e suxire un tratamento mediático alternativo.



- Evitar modelos de muller que lesionen a súa dignidade
- Os malos tratos contra as mulleres atentan contra os dereitos humanos
- Non confundir o morbo co interese social
- A violencia contra as mulleres non é un suceso, nin unha noticia convencional
- Non todas as fontes informativas son fiábeis
- Dar información útil, asesorarse previamente
- Identificar a figura do agresor, respectar a dignidade da vítima
- A imaxe non o é todo, non caer no amarelismo
- As cifras poden referirse a distintas realidades: informarse e explicar
- Os estereotipos e os tópicos frivolizan e banalizan

Podes encontrar unha análise pormenorizada de cada un destes puntos no estudo que encontrarás no seguinte enlace. Debate sobre os motivos polos que cres que se debe de ter en conta cada un deles.

5.2- Escolle algunha das últimas noticias sobre violencia de xénero que aparecesen recentemente na prensa, consultando fontes diversas, e comproba se detectas os problemas sobre o tratamento mediático da violencia de xénero que aparece no "Manual de redacción xornalística da Xunta de Galiza: Medios de comunicación e violencia de xénero" que recollemos a continuación



Problemas do tratamento xornalístico sobre a violencia de xénero

Sobre a violencia

Discurso que asume a violencia de xénero como algo inevitábel

Lectura illada da violencia, entendida como conxuntural e non como estrutural

Tematización en función do suceso (apenas hai noticias de violencia de xénero cando non hai vítimas, sobre o tema de forma xeral ou sobre recursos, etc.)

Interese por ofrecer medidas a posteriori e moi pouca información sobre prevención



Si admito
que he incumplido
la orden de
alejamiento que me han
puesto con mi ex-noia
pero ha sido
sólo por
un murvito....

Sobre as agresións

Busca de argumentos que expliquen a agresión (crime pasional, celos...)

Alusión á conduta feminina como desencadeadora da violencia

Persistencia de estereotipos de xénero e sobre-representación das mulleres como vítimas

Insistencia en argumentos que vitimizan?? e / ou culpan ás vítimas

Sobre as vítimas

Asimetría no tratamento de mulleres e homes e uso de fórmulas coloquiais para se referir ás mulleres.

Mulleres descritas como seres pasivos



Sobre prácticas profesionais

Androcentrismo lingüístico

Contradicións como resultado de concepcións sensacionalistas

Efecto narcótico nas audiencias.





6

SENSIBILIZÁMONOS? A TRAVÉS DA LECTURA E A INVESTIGACIÓN!

OBXECTIVO XERAL:

Sensibilizar os / as adolescentes acerca da Violencia de Xénero e estimular actitudes de rexeitamento ante a mesma.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

1. Dar a coñecer o fenómeno da violencia contra as mulleres, facendo especial fincapé nos malos tratos exercidos por parte da propia parella.
2. Comprender as razóns deste fenómeno e desterrar as crenzas erróneas que existen acerca da violencia contra as mulleres no ámbito doméstico.
3. Observar e reflexionar acerca da violencia entre iguais e desenvolver habilidades para afrontar os conflitos.
4. Fomentar unha educación integral que dea importancia a todos os aspectos da vida das persoas e en especial á convivencia.
5. Recoñecer, aceptar e valorar as diferenzas rexeitando a discriminación.
6. Desenvolver principios de respecto e solidariedade entre ambos os dous sexos.
7. Desenvolver actitudes críticas cara ao androcentrismo cultural.
8. Valorar a importancia da educación para previr a violencia contra as mulleres.

¿Por qué crees que muchas mujeres maltratadas perdonan a su agresor?



ACTIVIDADES

6.1.- Le a noticia do asasinato dunha muller en Palencia a mans do seu ex-home. Tamén podes ler a relación das 45 vítimas de violencia de xénero en España ao longo do ano 2010 ata o mes de setembro. Despois da lectura trata de contestar ás cuestións que che formulamos.

Un hombre apuñala hasta la muerte a su mujer en Villoldo

El agresor, que vulneró una orden de alejamiento, hirió también a una de sus hijas antes de entregarse

10.09.10 - 01:10 -

RICARDO S. RICO | PALENCIA. EL NORTE DE CASTILLA

Salió del domicilio de sus padres en Olmillos de Sasamón, en Burgos, en torno a las 2.30 horas. Con ellos residía desde que, tras ser detenido el 23 de agosto, después de que su mujer le denunciara por

amenazas, se dictara contra él una orden de alejamiento de su esposa y de sus dos hijas. Le había dicho a su madre que tenía que ir a descargar camiones, que le habían contratado. Pero montó en su ve-

hículo y tomó dirección a Villoldo, donde había residido con su mujer y con sus dos hijas gemelas hasta el pasado 19 de agosto, día en que amenazó con un cuchillo a su esposa tras una fuerte dis-

cusión y abandonó el domicilio familiar, siendo detenido cuatro días más tarde en la localidad palentina de Calahorra de Boedo.

Julio S. G., de 43 años, natural de la localidad vallisoletana de Pesquera de Duero, llegó poco antes de las cuatro de la madrugada a Villoldo. Aparcó a la entrada del pueblo y cruzó unas tierras hasta plantarse ante la vivienda que él y su mujer habían levantado años atrás con sus propias manos, convirtiendo una caseta de chapa en un coqueto chalé en el número 47 de la calle San Esteban. De eso hacía más de siete años, cuando, tras haber vivido en Burgos largo tiempo (el matrimonio había regentado un negocio de pan y leche, pero tuvo que cerrarlo y vender también su vivienda), se instalaron en Villoldo, de donde era natural la mujer, María Belén Melendre Pérez, de 42 años, una víctima más de esa sinrazón, de esa barbarie, de esa violencia machista que ayer hizo triste protagonista a la localidad.

Julio S. G. -que se había dedicado a su llegada al municipio a la venta ambulante de alimentos con una furgoneta, pero que has-

ta hace unos meses trabajaba para Hormigones Sierra- saltó la verja que delimita la casa y aprovechó para acceder a ella por una puerta trasera, la única que mantenía



la misma cerradura. Subió hasta la habitación donde dormía su mujer -que estaba agilizando los trámites de separación- y, sin que María Belén Melendre opusiese la menor resistencia (estaba dormida), le asestó al menos diez puñaladas por la espalda con un gran cuchillo.

Sus dos hijas de 19 años, gemelas, dormían en otra habitación. El otro hijo de la pareja, de 21 años, residía con sus abuelos paternos (y ahora con su padre). Las jóvenes oyeron chillar a su madre, dudando al principio de que fuese en sueños, pero exaltadas cuando se dieron cuenta de que los gritos eran reales, no ensoñaciones. Una de ellas salió de la habitación y vio venir hacia ella a su progenitor con el cuchillo. Cerró la puerta, pero el agresor tuvo tiempo de hierirla en la zona entre el mentón y el cuello antes de que la hoja del

cuchillo se rompiera al golpear contra la puerta, según apostillaban ayer algunos parientes de Belén, que relataban también cómo Julio S. G. no paró ahí.

Y es que el agresor bajó en busca de otro cuchillo y subió con él a por sus hijas, pero la otra gemela tuvo tiempo de ayudar a su hermana herida y de resguardarse las dos en el cuarto de baño. Cuando el padre estaba ya arriba de las escaleras, desistió de su propósito y huyó, marchándose en su coche.

La joven que no había resultado herida alertó entonces al Servicio de Emergencias Sanitarias 112 de Castilla y León, que acudió hasta al domicilio junto con agentes de la Guardia Civil y de la Policía Local, hallando muerta a Belén Melendre Pérez. Se puso en marcha entonces un dispositivo de búsqueda de un vehículo Opel Astra con matrícula de Burgos en el que huyó el agresor, quien, poco después de las 7 horas, contactó con el 112 alertando de las heridas que se había autoinfligido en el cuello y en el pecho. Una patrulla acudió hasta una zona próxima a la casa, en las inmediaciones del río, donde halló en el interior del coche a Julio S. G., con el cuerpo y la ropa ensangrentados.

El agresor fue trasladado hasta el Hospital Río Carrión de Palencia, adonde había sido derivada antes su hija herida, que recibió el alta hospitalaria sobre el mediodía de ayer. Su padre fue derivado después al Hospital Clínico de Valladolid, donde permanece custodiado hasta que reciba el alta y sea entregado al Juzgado de Instrucción de Carrión de los Condes.

Fig. a



Fig. b



Esta é a relación dos casos de asasinatos de mulleres a mans dos seus compañeiros, rexistrados en España durante o ano 2010 ata o mes de setembro.

3 de xaneiro - Josefa R. Z., de 45 anos, morre asfixiada a mans do seu home, Juan Manuel C. E., de 54 anos, na súa casa de El Cuervo (Sevilla, Andalucía). Despois de varios períodos de separacións intermitentes, o matrimonio volvera convivir desde había un mes. A pesar das dificultades de parella, a vítima nunca denunciara o seu home por malos tratos.

21 de xaneiro - Ivana Sanz, de 36 anos, é acoitelada na súa casa de Brunete (Madrid). A Garda Civil detivo a Sergio González como presunto autor da morte da súa ex-parella. Ivana Sanz non presentara denuncia por malos tratos, nin tiña, xa que logo, orde de afastamento. Pola contra o presunto homicida si tiña unha orde de afastamento da súa anterior muller.

22 de xaneiro - O cadáver de Juana M. R., de 41 anos, é achado na súa casa, degolada e mutilada, envolta nun gran plástico. A muller levaba unha década convivindo con J. J. P., de 54 anos, sinalado como o presunto autor do crime, que fuxiu do domicilio que a parella habitaba en Palma de Mallorca (Balears). O sospeitoso foi detido a uns cincuenta quilómetros do lugar do crime deambulando pola estrada. A muller non formulara denuncia previa por maltrato.

14 de febreiro - Os Mossos d'Esquadra deteñen a Miguel C. P. na localidade tarraconense de Alcover (Cataluña), acusado

de asasinar á súa ex-esposa en circunstancias escabrosas. Unha parte do cadáver da vítima, Vitoria S. de 36 anos e nacionalidade bielorrusa, foi achada na autoestrada AP-7 á altura de Sant Sadurní d'Anoia (Barcelona), a uns 70 quilómetros de distancia do lugar no que se tería producido o asasinato. Sobre el pesaba unha orde de afastamento de 500 metros.



18 de febreiro - Un home de nacionalidade búlgara mata a navalladas en Leganés (Madrid), á súa ex-noiva, Malina M., tamén búlgara e de 26 anos. O suposto agresor, cuxas iniciais son G. B., tentou matarse cortándose a carótida.

18 de febreiro - M. R. E., boliviana de 26 anos, morre en Almería (Andalucía) tras ser degolada e golpeada cunha picaraña polo seu cónxuxe, un boliviano de 31 anos que confesou, tras ser arrestado, ter matado por celos á nai dos seus dous fillos, coa que tramitaba a súa residencia en España por razóns de arraigamento. O home, J. S. I. M. decidiu por fin a unha disputa seccio-

nando cunha navalla de bolboretta o colo da súa compañeira, a quen golpeou na cabeza varias veces. Unha vez cometido o crime, o home telefonou á súa irmá para lle confesar o ocorrido, tras o que esta alertou aos servizos sanitarios, que chamaron á policía.

27 de febreiro - A Policía Nacional detén a un home como presunto autor da morte da súa esposa, Isabel Larriet, de 69 anos, no barrio de La Corredoria, en Oviedo (Asturias). Os axentes, alertados polo fillo da parella, acharon o corpo sen vida da muller no sofá do domicilio que ambos os dous compartían.

5 de marzo - Un home de 34 anos é detido en Burgos (Castela e León) como presunto autor da morte da súa ex-parella, Isabel Barroso Fernández, unha muller de 26 anos cuxo cadáver foi achado con dúas puñaladas no interior dun automóbil. O suposto agresor, J. A. C. A., confesou o crime e mostrou aos axentes de policía o lugar onde agachara o coitelo

15 de marzo - A. T., de 36 anos, falece como consecuencia das navalladas que lle dá un home de 74 anos. Ela era de nacionalidade rusa; el, peruano, e ambos os dous mantiñan unha relación sentimental. O presunto agresor tentou cortarse as veas. Os feitos ocorreron o Granadilla de Abona (Tenerife, Canarias).

19 de marzo - Cayetano C. G. acoitela á súa ex-esposa, Julia Madruga, de 56 anos, cando esta visitaba á súa nai nun hospital de Huelva (Andalucía). O agresor, do que a muller se separara unha década antes, entrou no hospital tras ela e acoitelouna na habitación que ocupaba a súa ex-sogra. Despois, foi detido. Sobre el pesaba unha orde de afastamento por outra agresión anterior.

28 de marzo - Teresa, unha muller, de 64 anos, falece tras recibir un disparo por parte do seu home. Todo comezou cunha forte discusión no seu domicilio en Atzeneta do Maestrat (Castellón, Comunidade Valenciana). O home suicidouse coa mesma arma. Non constaban denuncias previas por malos tratos nin ordes de afastamento.


28 de marzo - En Vic (Barcelona, Cataluña) unha muller, de 33 anos, é estrangulada no seu domicilio pola súa parella, de 35. Non constan neste caso antecedentes de malos tratos. O home tentou quitarse a vida, por dúas veces, antes de ser detido.

28 de marzo - Os corpos sen vida de Carmen e Juan, duns 50 anos, son localizados no interior do seu vehículo nun camiño apartado, en Lucainena de las Torres (Almería, Andalucía). Non se coñecían denuncias previas nin antecedentes por maltrato

2 de abril - O cadáver dunha muller, de iniciais M. S. P., de 34 anos e nacionalidade boliviana, é encontrado nun hostal marbellí (Málaga, Andalucía). Tiña síntomas de asfixia. O día 9 foi

detida en Granada a súa parella como autor dos feitos. Non constan denuncias previas por parte da vítima nin outras medidas policiais de protección.

3 de abril - A Policía Xudicial encontra os cadáveres dunha muller, S.T.Z., de 53 anos e nacionalidade arxentina, con feridas no pescozo, e dun home, que se encontraba ao seu lado, rodeado dalgúns envases de medicamentos, nun domicilio do barrio de Parquesol, en Valladolid (Castela e León).



4 de abril - Fernando do A., mástase a navalladas despois de ter dado morte á súa muller de 54 anos, Montserrat C., coa mesma arma no domicilio que ambos os dous compartían en Burgos (Castela e León).

6 de abril - M. S. P. de 64 anos morre a consecuencia das puñaladas que lle propina en plena rúa un home co que mantivera unha relación sentimental. O ataque produciuse no barrio de Gamarra, en Málaga (Andalucía). Despois de atentar contra a súa vítima, o home autolesionouse coa mesma arma.

9 de abril - Unha muller de 45 anos é acoitelada no seu domicilio da rúa Viceu no barrio de

Ciudad Naranco (Oviedo, Asturias) pola súa parella sentimental. Neste caso tampouco había constancia de denuncias anteriores da vítima contra o seu agresor.

10 de abril - Fátima, unha moza alxeriana de 25 anos, falece tras recibir un disparo da súa exparella. Os feitos ocorreron nun disco-bar de Alacante (Comunidade Valenciana). A rapaza denunciara ante a policía o acoso que sufría por parte do seu exnoivo que tiña unha orde de afastamento.

12 de abril - Achan os cadáveres dun home e unha muller, de orixe dominicana, xunto a un bebé, unha nena de catro meses, filla de ambos os dous, na súa vivenda de Zaragoza (Aragón). A muller, Vanessa Iris González, de 30 anos, presentaba varias feridas incisivas, que poderían ter sido causadas por arma branca.

14 de abril - Mayra A. F. A., de 24 anos e ecuatoriana decidira romper coa súa parella, Jorge Stalin P. M. O seu cadáver, que presentaba varias feridas de arma branca polo corpo, é achado na cama da habitación do presunto agresor, nun piso do número 40 do paseo de las Delicias (Madrid).

20 de abril - María Isabel G. P., de 58 anos, morre en Xixón (Asturias) de tres tiros a mans do seu home, Luis M. C. quen presuntamente lle disparou cunha escopeta de caza tras discutir con ela. Non constan denuncias por malos tratos.

29 de abril - Falece acoitelada en Museros (Valencia) Irene R. P., de 51 anos, que denunciara ao seu ex parella o 10 de marzo por ameazas. Estaban a tramitar o divorcio

10 de maio - Alicia E., ecuatoriana, faleceu como consecuencia dun profundo corte no pescozo. O feito ocorreu nun domicilio da rúa Luis González, da localidade tinerfeña de San Isidro, en Granadilla de Abona (Canarias). A Policía detivo a un home con restos de sangue e que tentara suicidarse con veneno.

11 de maio - Antonia González Perea, de 65 anos, que estaba a iniciar os trámites de separación da súa parella tras 22 anos, é asasinada na casa familiar, no Barrio de Santiago el Mayor, en Murcia. O seu home propinoulle un golpe na cabeza cunha táboa de madeira; logo foi á casa dunha veciña, e confesou o crime entre choros.

13 de maio - Os Mossos d'Esquadra deteñen a Driss E. B. como presunto autor da morte da súa esposa, Fatna, de 30, no piso familiar en Terrassa (Barcelona, Cataluña). O home atacou á súa muller cunha arma branca. Ambos os dous tiñan nacionalidade marroquí.

17 de maio - Un home de 38 anos e nacionalidade ecuatoriana mata a puñaladas á súa ex-parella, unha muller de 50 anos, nunha avenida de Sevilla (Andalucía). A policía detivo ao agresor minutos despois.

31 de maio - Lupe, de 41 anos, falece na súa casa de Pruna (Sevilla, Andalucía) cando a súa ex-parella, F. M. P. R., irrompeu na vivenda forzando a porta de atrás. A vítima recibiu "decenas de puñaladas" cun coitelo de cociña. O presunto asasino entregouse pouco despois no cuartel da Garda Civil e confesou os feitos



31 de maio - Farida B., marroquí, morre acoitelada polo seu home, O Hassan o A., en Salt (Girona, Cataluña). A parella estaba en trámites de separación e el denunciáara por abandono do fogar. A vítima sufría malos tratos psicolóxicos desde había anos. A muller nunca dera parte á policía.

1 de xuño - O corpo sen vida de María Dolores R.B, de 54 anos, é descuberto baixo unha cama do domicilio conxugal en Xixón (Asturias) por un dos seus fillos, que desde había varios días non tiña noticia nin da súa nai nin do seu pai. O cadáver do home foi achado, días máis tarde. Aforcárase cerca dun pantano situado na localidade leonesa de Villablino.

4 de xuño - Mercedes G. C., de 36 anos e o seu fillo, de catro, morren acoitelados polo pai do neno. Os feitos ocorreron no domicilio familiar, en Almería (Andalucía).

6 de xuño - Mónica González, de 32 anos, en Salt (Girona, Cataluña) falece a mans da súa parella. José L. R. quen a degolou no portal da súa casa cun coitelo e despois fuxiu ata Mataró (Barcelona) onde foi detido.

26 de xuño - A policía encontra o corpo en descomposición dunha muller no seu domicilio de La Laguna (Tenerife, Canarias). A autopsia determinou que fora acoitelada. Máis tarde detiveron á ex parella da vítima da que tiña unha orde de protección ditada de oficio.

1 de xullo - Rafaela Roda Contreras, de 42 anos, morre nunha rúa da localidade granadina de Pinos Puente (Andalucía). A súa ex-parella sentimental golpeouna na cabeza cunha aixada. Tiña orde de afastamento desde o 2 de xuño tras dúas denuncias por malos tratos. Entregouse á Garda Civil.

4 de xullo - A policía de El Puerto de Santa María investiga a morte dun matrimonio ancián residente no seu chalé. El tiña un disparo na cabeza. Ela, pechada no dormitorio cun coitelo na man, morreu asfixiada.

4 de xullo - A Garda Civil acha o cadáver dunha muller de 68 anos en Landete (Cuenca, Castilla-A Mancha) con varias feridas por arma branca. O seu home foi

arrestado como presunto autor do acoitelamento.

7 de xullo - Os Mossos d'Esquadra deteñen a Marcelo Ivan C.OU. despois de que acudise á comisaría de Les Corts, en Barcelona (Cataluña), para confesar que matara á súa parella Andrea Zambrano.

11 de xullo - Laura G. A. de 32 anos falece no Hospital Universitario Doutor Negrín, onde traballaba como enfermeira. A Policía Nacional detén ao seu compañeiro sentimental, un enfermeiro do Hospital Insular de Gran Canaria, acusado de a envelenar.

14 de xullo - Encontran no seu domicilio de Villanueva da Jara ,(Cuenca, Castela-A Mancha) o cadáver de Z. G., unha muller de 33 anos e de nacionalidade marroquí. A policía busca ao seu compañeiro que tiña unha orde de afastamento en vigor

16 de xullo - O cadáver de Carmen Cecilia Yandum, de 48 anos e de nacionalidade ecuatoriana,



é encontrado no interior dunha portería dun bloque de veciños do centro de Zaragoza (Aragón) onde traballaba no período de vacacións. A policía detivo ao seu home ao día seguinte

17 de xullo - Achada morta Ma do Carmen Luis Carballo no interior do seu domicilio. A Garda Civil mantén custodiada á súa parella sentimental que está ingresado tras resultar ferido grave despois de se lanzar desde un terceiro piso. Os feitos ocorreron na Orotava (Tenerife, Canarias)

25 de xullo - Amelia Amaya Jiménez, de 36 anos, falece presuntamente a mans da súa ex-

parella, Antonio G. J. (de 42), en Bilbao. A vítima xa o denunciara por malos tratos, e sobre o home pesaba unha orde de afastamento.

26 de agosto - Juan Carlos Pernas Díaz entrégase á policía de Lugo tras matar cun coitelo á súa muller, Montserrat Labrada Campos, de 43 anos, no seu domicilio familiar no barrio de O Sagrado Corazón, en Lugo (Galiza). A parella estaba en trámites de divorcio

2 de setembro - Unha muller dominicana de 29 anos morre a mans da súa parella na localidade barcelonesa de L'Hospitalet de Llobregat. O home, Jorge Alberte C.L., de 40 anos, foi detido no domicilio conxugal, onde presuntamente asasinou á muller cun coitelo.

9 de setembro - A Garda Civil detén en Palencia a un home, sobre o que pesaba unha orde de afastamento, acusado de asasinar á súa ex-parella, unha muller de 41 anos, na localidade de Villoldo.



CUESTIÓNS:

1. Que opinas sobre o maltrato nas parellas ou maltrato conxugal?
2. En que cres que consiste o maltrato conxugal, que fai a persoa que maltrata?
3. Case sempre é o home o que maltrata á muller. Por que cres que é así?
4. Por que cres que unha persoa pode maltratar continuamente á súa parella?
5. Neste caso a parella xa vivía separada, aínda que noutros casos, como puidiches ler, seguen vivindo xuntos. Por que cres que unha persoa, que é maltratada pola súa parella, cala, aguanta e segue convivindo con esa persoa?
6. Cres que as persoas próximas (familiares, amigos-as, veciñanza, ...) a unha parella que convive con violencia, poden facer algo para impedir esta situación?

6.2.-INVESTIGA:

1. Sabes por que se celebra o día 25 de Novembro o día contra a Violencia de Xénero?
2. Que ámbitos abrangue a violencia de xénero?
3. Busca información acerca das consecuencias legais que pode ter para o maltratador a súa conduta.
4. Busca a definición da ONU acerca da violencia contra a muller.



CUESTIÓNS:

1. Como cres que foi evolucionando ao longo dos anos o número de vítimas mortais por violencia de xénero? Poderíamos dicir que existe unha tendencia clara ou non é así?
2. Cres que a sociedade (a policía, os medios de comunicación, a xudicatura, a escola, as familias ...) poden facer algo para que o maltrato diminúa?
3. Trata de pescudar se o Ministerio de Igualdade está a levar a cabo algún tipo de campaña para sensibilizar a sociedade sobre o problema do maltrato para as mulleres. (www.migualdad.é/)
4. Cando acabe o ano busca información na páxina oficial do Ministerio de Igualdade para saber se o número de vítimas aumentou ou diminuíu en relación ao ano anterior



7

TEXTO PARA A REFLEXIÓN E O DEBATE



“A “naturalización”, que se estendeu durante o século XX, é a forma máis recente de lexitimar e desculpar a violencia de xénero, porque lle confire carta de natureza ao convertela en algo intrínseco á psicoloxía masculina. A explicación da violencia como unha característica natural e fundamental do ser viril aparece e expándese cunha forza de convicción enorme a través das ciencias médicas e psicolóxicas do século XX. A conduta dos homes entendíase como unha derivación da agresividade natural do xénero masculino e a submisión das mulleres, como unha característica igualmente natural vinculada á pasividade da femia

Alberdi e Rojas Marcos (2005): Violencia: tolerancia cero

PAUTAS PARA O DEBATE

- Que consecuencias cres que ten esta crenza para a vida cotiá das mulleres?
- Que consecuencias para a vida cotiá dos homes?
- Están verdadeiramente xustificadas estas crenzas?
- Cres que nacemos violentos, violentas ou aprendemos a selo?
- Que facemos cando nos sentimos con rabia?
- Como se poden canalizar os sentimentos de rabia de forma menos violenta?